

ADENDA Á

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2022 – 2023

DEPARTAMENTO: DEBUXO

A programación didáctica do Departamento de Debuxo modifícase no seu apartado 4.7 “Criterios de cualificación” para dar cumprimento ao disposto na ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O apartado 4.7 da programación queda substituído polo seguinte:

4.7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

. CRITERIOS PARA DETERMINAR AS CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS

O grao de consecución dos criterios de avaliación dos bloques da materia establecerase do seguinte xeito:

- a) Mediante entregas de traballos teórico-prácticos (láminas, obxectos, exposicións, gravacións, investigacións... feitas individualmente e en grupo, na clase e/ou na casa). A nota deste apartado será a media ponderada de todos os traballos, de acordo coa ponderación proposta en cada un deles, valorándose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 50%
- b) Tarefas de clase, ou traballos realizados exclusivamente na aula, revisións diarias do traballo realizado. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 25%
- c) A través de probas escritas teórico-prácticas, nas unidades didácticas que así o requiran. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 25%

A valoración das láminas o dos obxectos feitos na casa e na aula se realizará, por norma xeral, do seguinte xeito:

- Adecuación do exercicio ao tema ou contido a traballar proposto (datos correctos, resumen ideas principais, aporte persoal, orixinalidade) 80%
- Presentación da lámina ou obxecto (limpeza, datos) 20%

A valoración dos traballos feitos en grupo se realizará, por norma xeral, do seguinte xeito:

- Adecuación do traballo ao proposto 60%
- Presentación do exercicio 20%
- Reparto do traballo e colaboración no grupo 20%

Entrega fora de prazo, pasada unha semana da data de entrega, irase descontando na lámina 1 punto por cada día mais de atraso na entrega da mesma. Cada exercicio non entregado conta 0 puntos na media.

Nos traballos de clase terase en conta o seguinte: Por unha banda avaliarase positivamente a limpeza da aula, axuda a compañeiros e compañeiras, reposición de material estragado, etc. comportamento, por accións realizadas voluntariamente, por botar unha man aos compañeiros ou compañeiras con dificultade, por traer traballos feitos por iniciativa propia, por facer exposicións voluntarias públicas sobre os traballos de investigación individuais, etc. Por outra banda, terase en conta no traballo diario as faltas de puntualidade, de actitude, de traer o material para o traballo diario, de coidado do material da aula, de molestar aos compañeiros e compañeiras, de impedir o funcionamento da aula, de impedir a docencia, etc.

. CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS

A cualificación dos bloques e da avaliación terá un valor de 0 a 10. Para obter a cualificación da avaliación deberá redondearse o resultado da media ao enteiro superior no caso de que a parte decimal sexa igual ou superior a 0,6 e deberá truncarse a parte decimal no caso de que esta sexa inferior a 0,6. Exceptúase o caso do 4,6, que non se asimilará ao 5.

. PROBAS DE RECUPERACIÓN

RECUPERACIÓN CONTINUA:

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e facer os non entregados. Ditas entregas faranse de xeito periódico, en cada trimestre, nas datas indicadas polo profesorado.

Para os efectos de cálculo da cualificación final, teranse en conta a cualificación mais alta das dúas: da avaliación ou da recuperación correspondente.

A recuperación dunha avaliación realizarase sempre de xeito individualizado, segundo o caso particular de cada alumna/o, analizando o motivo de ter suspensa a avaliación, tendo en conta o criterio seguinte:

- No caso dos exercicios non entregados, deberá facelos todos na súa casa e entregalos na data que se lle propoña.

- No caso de tarefas entregadas e que teñan unha nota inferior ao 40% do valor máximo da tarefa, a persoa docente realizará unha selección das tarefas que son consideradas imprescindibles para acadar os mínimos establecidos e instarase ao alumno ou alumna a que as volva a facer e entregar na data que se lle indique.

- No caso de probas suspensas, realizarase unha recuperación das mesmas.

A data proposta será antes da data de avaliación da seguinte avaliación ou cando a persoa docente o indique. Pasada a data proposta, non haberá posibilidade de recuperación da avaliación e se fará a media final con esa nota.

RECUPERACIÓN FINAL:

O alumnado que non supere a materia unha vez avaliados os tres períodos citados, pode presentarse a unha avaliación final que consistirá en:

a) Elaboración dun proxecto e/ou proba teórico-práctica. Peso porcentual na nota: 60% +40% ou 100%

. CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN FINAL

Con carácter xeral, a cualificación final consistirá nunha media aritmética das notas das 3 avaliacións, ou das súas correspondentes recuperacións, de ser o caso. Considerarase superada a materia cando, despois de ter efectuado o redondeo establecido, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Para superar a materia requirirase a superación de, polo menos, dúas avaliacións. Poderase superar a materia cunha avaliación suspensa, se a cualificación desta é de mais de 3 puntos, e sempre que a media das tres sexa de mais de 5 puntos, despois de facer redondeo.

. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Estes criterios establecen como debe proceder o equipo avaliador cando deba decidir se un alumno ou alumna pasa ao curso seguinte ou non. Están recollidos no PEC, e veñen fixados pola normativa que desenvolve a LOE.

. CALENDARIO DE AVALIACIÓNS

As avaliacións no curso 2022-2023 se realizarán nas seguintes datas:

1ª AVALIACIÓN	20decembro
2ª AVALIACIÓN	29 marzo
3ª AVALIACIÓN	23 xuño
FINAL	23 xuño

Asinado en Rois, marzo 2023:

Beatriz García Ron

Xefa do departamento de Debuxo